

**ACTA DO TRIBUNAL PARA A SELECCIÓN DUN/HA PRAZA DE TÉCNICO/A SUPERIOR EN TURISMO
NO CONCELLO DE PONTEAREAS**

No Centro de Desenvolvemento Local (CDL) no día 11 de Agosto de 2020 sendo ás 10:15 horas baixo a presidencia de D. Manuel Martínez Pérez réunese o tribunal para a realización do primeiro exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio para a selección duna prza de técnico/a superior en turismo no concello de Ponteareas, formado polos seguintes membros: D. José Luis Sarandeses Martínez, D^a Inés Calvo Pensado, e D. Santiago Martínez Correo (vogais) e D^a Sofía Rodríguez Suárez (asesora), actuando como Secretario o funcionario José González Montero.

Unha vez constituído o tribunal procedeuse á elaboración do cuestionario de 30 preguntas tipo test con catro respostas alternativas, das que só unha será correcta de acordo co programa que figura no Anexo II desta convocatoria. A maiores foron elaboradas 5 preguntas como reserva.

Despois da elaboración do cuestionario o tribunal foi chamando aos candidatos para a realización do primeiro exercicio explicandolle o procedemnto e advertindolle do que indica nas bases: as preguntas correctamente contestadas valoraranse con 0,20 puntos, e as respostas erróneas puntuarán negativamente 0,05 puntos, e dicir minorarán as respostas correctamente contestadas.

Dos catro candidatos admitidos non se presentou D. Iván Gándara Rodríguez.

Unha vez rematada a realización do primeiro exercicio, o Tribunal procedeu á avaliación do mesmo.

Os candidatos tiñan que acadar como mínimo 3 puntos como así o acordou o tribunal.

Dos candidatos presentados superaron a proba:

NOME E APELIDOS	DNI	PUNTUACIÓN
M. ^a Remedios Alló Chapela	****1262*	4,05
Beatriz Gil Estévez	****0091*	3,50

Non pasou o primeiro exercicio eliminatorio:

NOME E APELIDOS	DNI	PUNTUACIÓN
Marcos Javier González Mayo	****3083*	2,15

Rematado o primeiro exercicio non se puido comprobar que as candidatas estivesen en posesión do CELGA 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde 16 de de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

Así mesmo, no expediente non consta a relación de méritos no caso dunha das aspirantes e segundo o establecido no artigo 4 das bases só tiñan que presentar coa solicitude os requisitos mínimos de acceso polo que este Tribunal acorda darlle un prazo de 48 horas ás candidatas ata o día 13 de Agosto para presentar a documentación dos méritos que queiran aportar por calquera dos medios dispoñibles.

No caso de non acreditar a validación do Celga 4 o mesmo día 14 de Agosto convócaselle para a realización do segundo exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio: Coñecemento da Lingua Galega ás 100 horas.

O Tribunal acorda reunirse o día 14 de Agosto ás 10:00 horas para seguir co proceso selectivo.

E non sendo outro o obxecto desta reunión ás 14 horas do mesmo día polo presidente levántase a sesión da que eu Secretario do Tribunal dou fe.

RECURSOS:

Contra a presente acta que contén a lista definitiva de puntuacións, poderase interpoñer recurso de ALZADA ante o Sr. Alcalde no prazo dun mes a partir do día seguinte da súa publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello de acordo co establecido no artigo 121 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Asdo./ José González Montero

Asdo./ Manuel Martínez Pérez

Asdo./ José Luís Sarandeses Martínez

Asdo./ Inés Calvo Pensado

Asdo./ Santiago Martínez Correa

Asdo./ Sofía Rodríguez Suárez